

**ESTATUTOS**  
**“A Colectiva. Asociación Profesional de Artistas de Galicia”**

**CAPITULO I.- DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO, FINS E ACTIVIDADES**

**Art. 1º Denominación**

Constitúese por tempo indefinido a Asociación denominada “A COLECTIVA. ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ARTISTAS DE GALICIA”, que se acolle ao disposto pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e ao abeiro do disposto no artigo 22 da Constitución, carecendo de ánimo de lucro.

(A denominación deberá respetar os requisitos e límites previstos no artigo 8 da LO 1/2002 e nos artigos 22 e 23 do Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, aprobado por RD 949/2015, de 23 de outubro).

**Art. 2º Personalidade Xurídica**

A Asociación ten personalidade xurídica propia e capacidade plena de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens e cumprir os fins que se propón.

**Art. 3º Domicilio e ámbito de actuación**

O domicilio da Asociación establécese en Avd. de Arteixo, 171. 15008 A Coruña.

Este domicilio poderá ser modificado previo acordo da Asemblea Xeral, sempre dentro da comunidade autónoma galega e dando conta no rexistro correspondente.

A Asociación realizará principalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O dioma oficial da Asociación será o galego.

**Art. 4º Fins**

Constitúen os fins da Asociación:

- a) Establecer e dar forma xurídica a unha plataforma colectiva que represente e defenda os intereses compartidos polos/as artistas contemporáneos/as vinculados/as a Galicia (sexan ou non integrantes da Asociación) perante calquera institución, pública ou privada.
- b) A promoción da Arte Contemporánea.
- c) A colaboración con outras Asociacións e profesionais, especialmente (pero non soamente) nos ámbitos da Arte e da Cultura.
- d) A representación, a defensa e a promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos/as artistas.

Prestarase especial atención ao cumprimento destes fins dentro do contexto da arte contemporánea galega, atendendo ás especificidades territoriais que poida ter, pero procurárase que os beneficios sociais que poidan conseguirse non se limiten a este ámbito xeográfico.

**Art. 5º Actividades**

No cumprimento dos fins enumerados no artigo anterior, a Asociación organizará e/ou realizará actividades dirixidas tanto aos asociados/as como a outros/as artistas e á sociedade en xeral, segundo as seguintes liñas de actuación básicas:

- a) Actividades Culturais: exposicións, publicacións impresas e dixitais, congresos, conferencias, seminarios, debates, mesas redondas e/ou, en xeral, actividades que contribúan á visibilidade das artes contemporáneas producidas en Galicia e ao debate activo, constante e produtivo sobre as mesmas.
- b) Actividades Sociais: aquelas que promovan a solidariedade dos/as artistas, a súa profesionalización e a valoración social da súa actividade.
- c) Actividades de Formación: obradoiros, cursos e formas de traballo abertas, que contribúan tanto á divulgación das artes contemporáneas como á formación continua dos seus produtores ou das súas produtoras.

Para a organización e xestión destas actividades, así como para outras accións específicas destinadas ao cumprimento dos fins da Asociación, poderán establecerse comisións ou grupos de traballo.

As comisións ou grupos de traballo poderán establecerse para atender ás especificidades dos distintos contextos territoriais, profesionais ou disciplinares que abrangue a actividade da Asociación. Poderán ser permanentes ou de carácter temporal, segundo o demande a actividade que desenvolvan, e estarán coordinadas pola Xunta directiva.

## **CAPITULO II.- PERSOAS ASOCIADAS**

### **Art. 6º Capacidade**

Poderán formar parte da Asociación todas as persoas físicas e xurídicas, que actúen individual ou colectivamente como artistas e que, libre e voluntariamente, teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación atendendo aos seguintes principios:

- a) As persoas físicas, maiores de idade, con capacidade de obrar e que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b) As persoas xurídicas, previo acordo expreso do seu órgano competente.

Para todos os casos, deberá acreditarse vinculación co campo da arte contemporánea facendo referencia a actividades concretas ou experiencia demostrable en:

- Participación en exposicións en espazos vinculados aos circuitos da arte contemporánea.
- Outros tipos de exhibición pública de obra artística propia que poidan ser valorados.
- Participación como artista en publicacións do ámbito das artes plásticas contemporáneas.
- Reseñas ou outro tipo de comentarios sobre a súa produción artística, realizados por terceiros.
- Vinculación profesional coma artista a galerías de arte contemporánea.
- Presenza de obra en coleccións de arte contemporánea.
- Premios, bolsas, residencias ou outro tipo de distincións recibidas, vinculadas ao contexto da arte contemporánea.

Asimismo, deberá acreditarse a vinculación coa comunidade galega: por ser ou ter sido Galicia o ámbito xeográfico da súa residencia, formación artística, ou de visibilidade do seu traballo.

Os interesados/as deberán presentar unha solicitude por escrito ao órgano de representación, acompañada dun documento no que se dea conta das actividades vinculadas ao ámbito da arte contemporánea realizadas polo solicitante, así como a vinculación coa comunidade galega. Para realizar a solicitude non será necesario presentar documentación acreditativa destas actividades, pero esta poderá ser requerida polo órgano de representación se así se considerase necesario para resolver a admisión da persoa solicitante.

A admisión resolverase na primeira reunión que celebre, non podendo ser denegada se o solicitante se axusta ás condicións esixidas nos Estatutos.

A condición de persoa asociada é intransmisible.

Establécese a figura de "socio/a honorario/a" para aquelas persoas físicas ou xurídicas que, a xuízo da Xunta directiva, teñan contribuído ou contribúan de xeito notable ao funcionamento ou á consecución dos fins da Asociación, se teñan destacado na súa colaboración e/ou apoio á mesma ou en virtude de méritos persoais e/ou profesionais.

Asimismo, establécese a figura de "voluntario/a" para toda aquela persoa que colabore cos fins da Asociación e que non poida integrarse como socio/a na mesma por causa xustificada.

Os/as socios/as honorarios/as e voluntarios/as estarán exentos do pagamento de cotas, terán voz pero non voto e non poderán acceder aos órganos de goberno nin ser liquidadores/as.

### **Art. 7º Dereitos das persoas asociadas**

Os dereitos que corresponden ás persoas asociadas son os seguintes:

- a) A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos. Para poder ser integrante dos órganos de representación é requisito imprescindible ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar

incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente ou nestes Estatutos.

- b) A ser informadas acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade. Poderán acceder a toda a información a través dos órganos de representación.
- c) A ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles/as e a ser informado/a dos feitos que den lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.
- e) A coñecer os Estatutos e os regulamentos e normas de funcionamento aprobados polos órganos da Asociación. Asimesmo terán dereito a que se lles facilite copia dos Estatutos vixentes e do Regulamento de Réxime Interno da Asociación, se existise.
- f) A consultar os libros da Asociación.

#### **Art. 8º Deberes das persoas asociadas**

Os deberes das persoas asociadas son:

- a) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as cotas, derramas e outras aportacións que, atendendo aos Estatutos, se puidesen establecer para cada persoa asociada.
- c) Acatar e cumprir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- d) Axustar a súa actuación ás disposicións estatutarias.

#### **Art. 9º Causas de baixa**

Son causa de baixa na Asociación:

- a) A propia vontade do/a interesado/a, comunicada por escrito aos órganos de representación. Poderá percibir a participación patrimonial inicial e outras aportacións económicas realizadas sen incluír as cotas de pertenza á Asociación que puidesen terse establecido e sempre que a redución patrimonial non implique prexuízos a terceiros.
- b) Non satisfacer as cotas fixadas.
- c) A sanción que contemple separación temporal ou definitiva.
- d) A defunción.

#### **Art. 10º Réxime Sancionador**

A separación da Asociación das persoas asociadas por motivo de sanción terá lugar cando cometan actos que os fagan indignos de seguir pertencendo a aquela. Presumírase que existe este tipo de actos:

- a) Cando deliberadamente a persoa asociada impida ou poña obstáculos ao cumprimento dos fins.
- b) Cando intencionadamente obstaculice o funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.

En calquera caso, para a imposición da sanción de separación por parte do órgano de goberno, será necesaria a tramitación dun expediente disciplinario instruído por un órgano diferente ao competente para resolvelo e que garanta os dereitos das persoas asociadas ás que se instrúe o procedemento, a ser informadas da acusación e a formular alegacións perante á mesma, así como á notificación da Asemblea Xeral. A decisión sancionadora será motivada.

O prazo de prescrición das infraccións e sancións será de 3 anos.

### **CAPITULO III.- O ÓRGANO DE GOBERNO**

#### **Art. 11º A Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrado por todas as persoas asociadas por dereito propio irrenunciable e en igualdade absoluta, que adopta o seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna.

Todos os integrantes quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Xeral, incluso os ausentes, os disidentes e os que aínda estando presentes se teñan abstido de votar.

#### **Art. 12º Reunións da Asemblea**

A Asemblea Xeral reunirase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano, no primeiro trimestre, salvo que o impidan

causas de forza maior que obriguen ao seu retraso.

As Asembleas Xerais Extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/a Presidente/a, cando a Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha cuarta parte dos/as asociados/as.

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, faranse por escrito. Os anuncios da convocatoria comunicaranse con quince días de antelación como mínimo. Sempre que sexa posible convocarase individualmente a todos/as os asociados/as, por correo postal ou electrónico. A convocatoria expresará o día, hora e lugar da reunión, así como a orde do día, e estará acompañada de todos os documentos que se considere oportuno someter a debate na Asemblea e todas as observacións específicas que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento da mesma.

Ao inicio das reunións da Asemblea Xeral, serán designados o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da mesma.

Para os casos nos que as circunstancias individuais dunha persoa asociada impidan a súa presenza física na Asemblea, contéplase a posibilidade de delegación de voto. Os procedementos que se establezan para a mesma serán comunicados ás persoas asociadas cunha antelación mínima de 48h respecto ao inicio da Asemblea.

Asimismo, para aqueles casos nos que se considere necesaria a votación de asuntos sin especial relevancia ou cando non exista marxe temporal para a convocatoria dunha Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, contéplase a posibilidade de realización de Asembleas Virtuais. O medio a empregar, os temas a tratar ou sometidos a votación, así como todas as instrucións precisas para o desenvolvemento de cada Asemblea Virtual serán comunicados a todas as persoas asociadas cunha antelación mínima de 48h respecto da mesma. As deliberacións e/ou resultados de votación que se produzan na Asemblea Virtual serán tamén comunicados por escrito a todas as persoas asociadas.

#### **Art. 13º O/a Secretario/a**

O/a Secretario/a redactará a Acta de cada reunión que reflectirá un extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se teñan adoptado e o resultado numérico das votacións. O documento da Acta de cada reunión será enviado polo/a secretario/a, por correo electrónico, a todos/as os/as integrantes da Asociación, a título informativo e para a súa aprobación no inicio da reunión seguinte.

#### **Art. 14º Competencias e validez dos acordos**

A Asemblea quedará constituída validamente, previa convocatoria efectuada quince días antes da reunión, cando concorran nela, presentes ou representados/as, un terzo dos asociados/as, sendo o presidente/a e o/a secretario/a designados no inicio da reunión.

Nas reunións da Asemblea Xeral, corresponde un voto a cada integrante da Asociación (excepto polo disposto no Art. 6º).

Son competencia da Asemblea Xeral:

- a) Controlar a actividade do órgano de representación e aprobar a súa xestión.
- b) Examinar e aprobar ou rexeitar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como a Memoria Anual de actividades (ambos documentos serán remitidos ás persoas asociadas a lo menos cunha semana de antelación respecto da reunión da Asemblea Xeral).
- c) Establecer as liñas xerais de actuación que permitan á Asociación cumprir os seus fins.
- d) Dispoñer todas as medidas encamiñadas a garantir o funcionamento democrático da Asociación.
- e) Fixar, no seu caso, as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- f) Elixir e separar aos integrantes do órgano de representación.
- g) Adoptar os acordos referentes a:
  - . Ratificar as altas de asociados/as acordadas polo órgano de representación e acordar con carácter definitivo as baixas.
  - . Acordar a unión de asociacións, a integración en federacións ou confederacións, a separación das mesmas, así como a creación e participación en coordinadoras ou outras organizacións específicas.
  - . Acordar o funcionamento interno da Asociación para a solicitude de Utilidade pública ou de Interese público.
  - . Acordar a disolución da Asociación.
  - . Modificación dos Estatutos.

- . Disposición e enaxenación de bens.
- . No seu caso, reintegro aos/ás integrantes do órgano de representación dos gastos derivados da súa actividade de xestión, previa xustificación dos mesmos.
- . Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
- . Calquera outra que non corresponda a outro órgano da Asociación.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos á disolución da Asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación de bens e reintegración de gastos aos integrantes do órgano de representación, sempre que se teña convocado especificamente con tal obxecto a Asemblea correspondente.

#### **CAPITULO IV.- O ÓRGANO DE REPRESENTACION**

##### **Art. 15º Composición do órgano de representación**

A Asociación será rexida, administrada e representada polo órgano denominado Xunta Directiva, formado polo/a Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e un número de vogais mínimo de 3 e máximo de 10.

A elección dos/as integrantes do órgano de representación farase por sufraxio libre e a man alzada dos/as integrantes da Asemblea Xeral. As candidaturas serán listas pechadas, e calquera integrante poderá presentarse, sendo requisitos imprescindibles: ser integrante da Asociación con dereito a voto, ter satisfeito o pago da cota, ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non incurrir nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente, resultando elixidos/as para os cargos citados os candidatos/as que teñan obtido maior número de votos.

As candidaturas poderán presentarse a un ou varios dos cargos, pero os de Presidente/a, Vicepresidente/a e Secretario/a deben recaer en persoas diferentes. Se unha persoa candidata resulta elixida para máis dun destes cargos, deberá optar por un deles, renunciando aos demais, excepto para o cargo de Tesoureiro/a, que poderá ser compatible con calquera dos anteriores.

A designación dos vogais quedará ao cargo das persoas designadas para os catro cargos xa citados, debendo non obstante atender aos seguintes criterios:

- Dar prioridade ás persoas que teñan manifestado a súa vontade de participar na Xunta directiva presentando a súa candidatura a algún dos cargos xa citados.
- Procurar a mellor representatividade territorial e disciplinar.
- Manter, na medida do posible, a paridade de xénero.

O exercicio dos cargos será gratuito, contemplándose o reintegro dos gastos derivados das actividades de representación e debidamente xustificadas.

##### **Art. 16º Duración do mandato no órgano de representación**

Os/as integrantes do órgano de representación exercerán o cargo durante un período de dous anos, e poderán ser reelixidos indefinidamente, a excepción do/da Presidente/a e o/a Vicepresidente/a, que só poderán manterse no seu cargo un máximo de catro anos.

O cese no cargo antes de extinguirse o termo regulamentario poderá deberse a:

- a) Dimisión voluntaria presentada mediante un escrito no que se razoen os motivos.
- b) Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- c) Causar baixa na Asociación.
- d) Sanción imposta por unha falta cometida no exercicio do cargo.

As vacantes que se produzan no órgano de representación cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Non obstante, o órgano de representación poderá contar, provisionalmente, ata a próxima Asemblea Xeral, cun/cunha integrante da Asociación para o cargo vacante.

No caso de relevo en varios cargos da Xunta directiva, contéplase un período de transición no que os cargos correspondentes da Xunta saínte permanezan en funcións (máximo de 15 días) co obxecto de organizar o traspaso de

competencias e información.

Como norma xeral, as persoas saíntes dun cargo na Xunta directiva deberán facilitar a quen as releve o seu proceso de incorporación ao cargo correspondente.

#### **Art. 17º Competencias do órgano de representación**

O órgano de representación posúe as seguintes facultades:

- a) Ostentar e exercer a representación da Asociación, levar a termo a dirección e a administración da maneira máis ampla que recoñeza a lei, cumprir as decisións tomadas pola Asemblea Xeral e dacordo coas normas, as instrucións e as directrices xeráis que esta Asemblea Xeral estableza.
- b) Tomar os acordos necesarios para a comparecencia perante os organismos públicos, para o exercicio de toda clase de accións legais e para interpor os recursos pertinentes.
- c) Resolver sobre a admisión de novos/as asociados/as, levando a súa relación actualizada.
- d) No seu caso, propor á Asemblea Xeral o establecemento das cotas que os integrantes da Asociación teñan que satisfacer.
- e) Convocar as Asembleas Xeráis e controlar que se cumpran os acordos que alí se adopten.
- f) Comunicar ao Rexistro de Asociacións a modificación dos Estatutos acordada pola Asemblea Xeral no prazo dun mes.
- g) Presentar o balance e o estado de contas de cada exercicio á Asemblea Xeral para que os aprobe, e confeccionar os orzamentos do exercicio seguinte.
- h) Levar unha contabilidade conforme ás normas específicas que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade.
- i) Efectuar o inventario dos bens da Asociación.
- j) Elaborar a memoria anual de actividades e sometela á aprobación da Asemblea Xeral.
- k) Resolver provisionalmente calquera caso non previsto polos presentes Estatutos e dar conta do mesmo na primeira Asemblea Xeral subseguinte.
- l) Calquera outra facultade que non estea atribuída dunha maneira específica nestes Estatutos á Asemblea Xeral.

#### **Art. 18º Reunións do órgano de representación**

O órgano de representación, convocado previamente polo/a Presidente/a ou pola persoa que o substitúa, reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade que os seus/as súas integrantes decidan. Reunirse en sesión extraordinaria se o solicita un terzo dos seus compoñentes.

O órgano de representación quedará válidamente constituído con convocatoria previa e un *quórum* da metade máis un dos seus integrantes.

Os/as integrantes do órgano de representación están obrigados a asistir a todas as reunións que se convoquen, podendo excusar a súa asistencia por causas xustificadas. En calquera caso, será necesaria a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas que os substitúan.

No órgano de representación tomaranse os acordos por maioría simple de votos dos asistentes. En caso de empate, o voto do/a Presidente/a será de calidade.

Os acordos do órgano de representación faranse constar no libro de actas. O documento da Acta de cada reunión será enviado polo/a Secretario/a, vía telemática, a todos os integrantes do órgano de representación, a título informativo e para a súa aprobación no inicio da reunión seguinte.

Para os casos nos que sexa necesario, contéplase a posibilidade de presenza virtual nas reunións de algunha das persoas integrantes do órgano de representación, sendo imprescindible a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou das persoas que os substitúan.

#### **Art. 19º O/a Presidente/a**

O/a Presidente/a da Asociación tamén será Presidente/a do órgano de representación.

Son propias do/da Presidente/a, as seguintes funcións:

- a) As de dirección e representación legal da Asociación, por delegación da Asemblea Xeral e do órgano de representación.
- b) A presidencia e a dirección dos debates dos órganos de goberno e de representación.
- c) Asinar as convocatorias das reunións da Asemblea Xeral e do órgano de representación.
- d) Visar as actas e os certificados confeccionados polo/a Secretario/a da Asociación.
- e) As atribucións restantes propias do cargo e as que lle delegue a Asemblea Xeral ou o órgano de representación.

Ao Presidente/a substituírao, en caso de ausencia ou enfermidade, o/a Vicepresidente/a ou, no seu defecto, algún dos restantes integrantes do órgano de representación.

O/a presidente/a terá potestade para tomar algunhas decisións ou medidas que resulten de especial urxencia, cando non poida disporse de prazo para a convocatoria e reunión do órgano de representación e/ou a Asemblea Xeral (segundo corresponda). Estas decisións ou medidas deberán en todo caso ser ratificadas polo órgano de dirección e/ou a Asemblea.

#### **Art. 20º O/a Tesoureiro/a**

O/a Tesoureiro/a terá como función a custodia e o control dos recursos da Asociación, así como a elaboración do orzamento, o balance e liquidación de contas, a fin de sometelos ao órgano de representación, conforme se determina no artigo 17 destes Estatutos. Asinará os recibos, cotas e outros documentos de tesourería. Pagará as facturas aprobadas polo órgano de representación, as cales terán que ser visadas previamente polo/a Presidente/a.

#### **Art. 21º O/a Secretario/a**

O/a Secretario/a debe custodiar a documentación da Asociación, redactar e asinar as actas das reunións dos órganos de goberno e representación, redactar e autorizar as certificacións que sexa preciso librar, así como ter actualizada a relación dos asociados e asociadas.

### **CAPÍTULO V.- O RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Art. 22º Patrimonio inicial e recursos económicos**

O patrimonio inicial desta Asociación está valorado en cero euros.

O orzamento anual será aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Os recursos económicos da Asociación nutriranse:

- a) Das cotas que, no seu caso, fixe a Asemblea Xeral aos seus integrantes.
- b) Das subvencións oficiais ou particulares.
- c) De doazóns, herdanzas e/ou legados.
- d) Das rendas do mesmo patrimonio ou ben doutros ingresos lícitos que poidan obter.

#### **Art. 23º Beneficio das actividades**

Os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que quepa en ningún caso o seu reparto entre os/as asociados/as nin entre os seus/as súas cónxuxes ou persoas coas que convivan con análoga relación de afectividade, nin entre os seus/as súas parentes, nin a súa cesión gratuita a persoas físicas o xurídicas con interese lucrativo.

#### **Art. 24º Cotas**

Todos/as os/as integrantes da Asociación teñen a obriga de sostela economicamente.

A Asemblea Xeral establecerá ou modificará as cotas de ingreso, cotas periódicas e cotas extraordinarias.

O exercicio económico quedará pechado o 31 de decembro.

#### **Art. 25º Disposición de fondos**

Nas contas correntes ou libretas de aforro abertas en establecementos de crédito, deben figurar a firma do/a Presidente/a, do/a Tesoureiro/a e do/a Secretario/a.

Para poder dispor de fondos, será necesaria a firma do/da Tesoureiro/a, o/a Presidente/a ou o/a Vicepresidente/a.

O/a Tesoureiro/a deberá en todo caso ser informado/a previa retirada de fondos.

## **CAPITULO VI.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

### **Art. 26º Causas de Disolución e entrega do remanente**

A Asociación disolverase:

- a) Se así o acorda a Asemblea Xeral convocada expresamente para este fin e co voto favorable de máis da metade das persoas presentes ou representadas.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Por baixa das persoas asociadas, de forma que queden reducidas a menos de tres.

### **Art. 27º Liquidación**

A disolución da Asociación abre o período de liquidación, ata o fin do cal conservará a súa entidade xurídica.

Os/as integrantes do órgano de representación no momento da disolución convértense en liquidadores/as, salvo que a Asemblea Xeral designe a outros/as ou, no seu caso, o acorde o/a xuíz/xuíza na súa resolución xudicial.

Corresponde aos/as liquidadores/as:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación e levar as súas contas.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar aos/ás acredores/as.
- e) Cumprida a disolución da Asociación, destinar a totalidade do seu patrimonio remanente a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos da Ley 49/2002 ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persegan fins de interese xeral.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro correspondente.

No caso de insolvencia da Asociación, o órgano de representación ou, se é o caso, os/as liquidadores/as deberán promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal perante o/a xuíz/xuíza competente.

Os/as integrantes ou titulares dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da Asociación, responderán perante ésta, perante os/as asociados/as e perante terceiros polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.

A responsabilidade da Asociación a todos os efectos, e especialmente no caso de débedas sociais contraídas en operacións concertadas con terceiros, quedará limitada ao patrimonio da mesma.

As persoas asociadas non responden persoalmente das débedas da Asociación.

Poderán utilizarse tamén garantías suplementarias expresamente pactadas por acordo da Asemblea Xeral.

## **CAPÍTULO VII.- RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL DE CONFLICTOS**

### **Artículo 28º Resolución extrajudicial de conflictos**

As cuestións litixiosas que poidan xurdir con motivo das actuacións desenvolvidas ou das decisións adoptadas no seo da Asociación, resolveranse mediante arbitraxe, a través dun procedemento axustado ao disposto pola Lei 60/2003, de 23 de decembro de Arbitraje, e atendendo, en todo caso, aos principios esenciais de audiencia, contradición e igualdade entre as partes.